

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia

Colabora no Atlas
escribindo a
botanica@sghn.org



Spartina patens (Æit.) Muhl.

Trátase dunha gramínea con talos de ata 2m que debe levar bastante tempo estendéndose por Galicia, mais a habitual ausencia de flores e a dificultade da determinación (aseméllase a un *Brachypodium*) fixo que non fose detectada ata 1999 polo botánico D. Sanleón. Aparece por gran parte da beiramar, especialmente polo sur de Galicia, onde se propaga vexetativamente de xeito moi rápido. Coloniza a parte superior das marismas formando poboacións monoespecíficas que desplazan á comunidade de *Juncus maritimus*. Aínda que foi considerada en Europa nativa do Mediterráneo co nome de *Spartina versicolor* Fabre, é orixinaria de norteamérica, admitíndose hoxe a sinonimia de ambos nomes.

http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html